


POLO RÍO VAI E VÉN

Proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística



IES de Ponte Caldelas

IES de Soutomaio



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

1 Título

Polo río vai e vén

2 Introducción

O IES de Ponte Caldelas ten unha longa traxectoria de participación en proxectos de innovación educativa relacionados coa educación patrimonial, así como en actividades propostas para dinamizar a lingua galega. Ten recoñecementos neste senso como o Premio de Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o Premio Día do Patrimonio outorgado pola Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia ou o Premio á Innovación Educativa Escola Viva, outorgado polo MRP Escola Viva-UXT, sempre con proxectos relacionados coa investigación e posta en valor do patrimonio da comarca, tanto material como inmaterial. Exemplos destes proxectos innovadores son a experiencia Patrimoni... ando, que utilizou a hiper-aula como metodoloxía e que recolleu micro e macrotoponimia e expresións galegas antigas entre as aldeas do alumnado e entregoulle os resultados ao Instituto da Lingua Galega. Outro exemplo é Monte Vivo, proxecto de Educación ambiental de custodia do territorio que se sostén, desde hai xa catro anos, coa colaboración da CFEA de Lourizán. Na webgrafía achegamos as webs con toda a información.

A respecto da dinamización da lingua galega, favorecemos que o alumnado participe e mostre as súas habilidades coa lingua e a cultura a través da programación do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG). En particular, organizamos un festival o Día das Letras Galegas onde se promove a creatividade e a comunicación con recitais de poesía, música e baile tradicional, coa colaboración das familias, que poden asistir e tocar nos grupos de música. A conmemoración do Día da Lingua Materna ou do Día de Rosalia forman parte tamén deste percorrido artístico e de concienciación.

Alén do anterior, a participación en concursos organizados por organismos da contorna, concursos de espantallos, de carteis da Festa da Troita..., asegura unha conexión coa xente da comarca e caracterízanos como un centro de ensino integrado na sociedade. E a actividade que máis nos define é a revista *Falabarato*, que reúne todas as actividades dinamizadoras do curso e que levamos editando desde hai 15 anos. O EDLG participa activamente nos proxectos innovadores e forma un conxunto dinámico impulsor de creatividade e respecto pola lingua e a cultura da contorna.

Dentro deste contexto situamos, en colaboración co IES de Soutomaior, esta nova proposta que combina as nosas experiencias en proxectos de innovación educativa xunto con proxectos de dinamización do galego. Polo río vai e vén conxuga ambos os dous elementos e fai unha aposta innovadora que involucra dous institutos separados só 14 quilómetros.

A comarca en que viven os nosos alumnos e alumnas —Fornelos de Montes, Ponte Caldelas e A

Lama— é limítrofe co concello de Soutomaior. Únenos o val do río Verdugo, de aí o nome do proxecto, un proxecto de intercambio de aprendizaxes entre o IES de Ponte Caldelas e o IES de Soutomaior.

Esta iniciativa xorde despois de que varias das actuais profesoras titulares do IES de Soutomaior pasasen por Ponte Caldelas e participasen nos proxectos de innovación que iamos realizando. Dadas as experiencias previas comúns, a proposta de participar neste intercambio lingüístico entre os dous centros foi moi ben acollida.

A idea é establecer un vínculo entre ambos os dous centros para consolidar o uso da nosa lingua. Propoñemos impulsar a participación do alumnado de ambos os dous centros en actividades dinamizadoras da lingua, a través de tecnoloxías favorables á motivación da xente nova como páxinas web, vídeos, *podcasts*, webinarios e incorporando músicas actuais.

O proxecto comeza este curso coa investigación sobre o volframio na nosa contorna: **Tras as pegadas do volframio**. No curso vindeiro, será o IES de Soutomaior o responsable da escolla da actividade dinamizadora.

2.1 Contextualización. Análise da situación sociolingüística dos centros

IES Ponte Caldelas

A realidade sociolingüística da zona caracterízase por contar cun alumnado maioritariamente galegofalante, pero con comportamentos diglósicos.

As dúas características sociolingüísticas máis sobranceiras na realidade do IES de Ponte Caldelas son a perda progresiva de galegofalantes, especialmente entre o alumnado máis novo, e o mantemento de prexuízos lingüísticos que deriva nun uso en moitas ocasións diglósico da lingua galega. A finais do curso 2017/2018 realizouse unha enquisa entre o alumnado para medir se a lingua empregada nas interaccións comunicativas no centro era a mesma que a usada na casa e os resultados foron os seguintes:

1 O uso que se fai do galego é moito maior na casa que no instituto

103 alumnas ou alumnos teñen como primeira lingua o galego nos seus fogares e 137 o castelán. Estes datos na escola varían terriblemente: só 63 manteñen o galego como primeira lingua fronte a 177 que escollen o castelán para as relacións comunicativas con iguais.

2 O alumnado galegofalante incorpórase ao castelán no instituto, mentres que o alumnado castelanfalante non se incorpora ao galego

Só 11 dos 137 alumnos e alumnas que teñen o castelán como lingua vehicular na casa (só castelán ou máis castelán) mudan para o galego (só galego ou máis galego no instituto). A verdadeira mudanza prodúcese no alumnado galegofalante: dos 63 alumnos/as monolingües en galego, un terzo (21) mantén o monolingüismo; outro terzo pasa a falar máis galego no

instituto, é dicir, incorpora tamén o castelán nas súas conversas de recreo; o terceiro terzo pasa a ter o castelán como lingua principal ou única. Entre o alumnado que usa o galego na casa como lingua principal, non única, (40 alumnos/as), a tendencia é tamén a substituír esta lingua polo castelán nos recreos, ben como lingua primeira (21) ou incluso única (9).

A realidade que deixa ver esta pequena sondaxe pon de manifesto a necesidade de intervir para intentar que ese intercambio lingüístico se produza nos dous sentidos e non a partir do abandono da lingua galega.

Respecto do alumnado procedente do estranxeiro, é importante mencionar que hai moito procedente de países como O Brasil ou México, que se foron incorporando a este instituto nos últimos anos.

IES Soutomaior

No ámbito das familias, obsérvase que o alumnado vive nun contexto familiar basicamente castelanizado, xa que o castelán é a lingua que predomina como primeira opción, tanto como lingua habitual coa parella, como a que se emprega cos nenos/as a cargo. O galego toma certa presenza se consideramos o factor idade, pois é a lingua que predomina, por moi pouco, nas relacións dos pais cos avós. Non obstante, é importante mencionar que esta situación non se produce coas familias políticas, pois cos sogros (sobre todo as mulleres) empregan maioritariamente o castelán.

Esta situación lévanos a subliñar, como principal conclusión, que se percibe nas familias do alumnado unha evolución imparable do fenómeno de ruptura da transmisión interxeracional do galego.

É importante a figura da muller como falante da lingua castelá coa parella e cos fillos, tamén nas súas relacións laborais, na veciñanza e nas amizades. Nestes tres últimos ámbitos, o home emprega maioritariamente o galego. A lingua que se emprega na escrita e nos servizos básicos (médico, banco etc.) tamén é maioritariamente o castelán.

Percíbense maiores porcentaxes de castelán nas xeracións máis novas, especialmente, nas mulleres (familias de alumnado de educación infantil). É importante a presenza doutras linguas, sobre todo árabe, no contexto familiar do alumnado.

Obsérvanse actitudes positivas abondosas en relación coa lingua (considérase útil o galego, pensan que debe ser unha lingua de estudo e que debe fomentarse máis socialmente), e o galego ten bastante cabida nos hábitos de lectura das familias (libros, revistas etc.), segundo manifestan.

No relativo ao ámbito do alumnado, debemos subliñar que, na súa maioría, declara como lingua inicial o castelán, que é a que tamén ten como lingua habitual, e confírmase que se cría nunha contorna familiar tamén castelanfalante.

O alumnado considérase competente para empregar a lingua galega, e as súas actitudes non son negativas. Móstrase favorable a que se empregue a lingua galega con maior intensidade no centro escolar e a que tanto o galego como o castelán deban estar presentes en todos os

ámbitos da vida cotiá, en igualdade de condicións. Recoñece de xeito maioritario que empregaría máis o galego se os compañeiros tamén o falasen. Porén, son cada vez máis os rapaces e as rapazas que cambian os hábitos comunicativos ao castelán en practicamente todos os ámbitos da súa vida, sobre todo nas zonas máis urbanas do concello, e son testemuñas de que só os maiores (a figura do avó ou a avoa) son os que realmente empregan con maior porcentaxe a lingua galega.

A partir dos datos analizados, actualmente podemos afirmar que o alumnado utiliza o castelán como lingua habitual no centro escolar de forma maioritaria. A proporción de monolingües en galego é simbólica, pois está nunha media global do 6 % (fronte ao case 50 % en castelán). Esta situación é alarmante e débese facer fronte para evitar que o alumnado monolingüe en galego, procedente principalmente das zonas rurais do concello e das localidades veciñas e escolarizado en galego, se vexa movido a instalarse no castelán ao non atopar no centro o contexto idóneo para a socialización na súa propia lingua. Malia que a maioría declara que non fala menos galego que antes, existe unha porcentaxe de galegofalantes (12,2 %) que si o recoñecen. Nas aulas, o profesorado non ten a percepción de que exista alumnado monolingüe en galego, como vimos.

Respecto do alumnado procedente do estranxeiro, no centro coexisten outras linguas faladas por grupos realmente minoritarios. É destacable a existencia do árabe, utilizada polas persoas inmigrantes asentadas na localidade. Os usos comunicativos principais destas comunidades sitúanse na lingua castelá (vehicular para elas no centro), e contactan coa lingua galega unicamente nas clases ou reforzos que reciben. As súas linguas iniciais non teñen garantida a aprendizaxe dentro do sistema educativo.

2. 2 Xustificación do proxecto

Desde os equipos de dinamización da lingua galega, pensamos que é necesario actuar e propor actividades que motiven e promovan o uso da lingua. Asociármonos e colaborarmos os dous centros veciños, o IES de Ponte Caldelas e mais o IES de Soutomaior, é un xeito de vincular o alumnado dos dous institutos cun interese común en aumentar o coñecemento da nosa cultura e facilitar o uso da nosa lingua.

3 Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación

3.1 Obxectivos a curto prazo

- Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.
- Normalizar o uso do galego nas investigacións interdisciplinarias.

- Promover o uso interxeracional da lingua nas recollidas dos informantes do alumnado.
- Promover o uso da lingua entre a mocidade de distintos concellos vinculados polo río Verdugo: A Lama, Fornelos de Montes, Ponte Caldelas e Soutomaior.
- Reforzar a dimensión comunicativa e instrumental do galego en relación con usos artísticos e comunicativos e ligar o seu uso aos modos de vida máis contemporáneos. Abrir e utilizar unha canle propia de Youtube.
- Utilizar as novas músicas e grupos galegos, referentes para o alumnado —Ortiga, Grande Amore etc.—, e integralas nos procesos educativos.
- Incorporar progresivamente o alumnado procedente do estranxeiro nestes proxectos de fomento da lingua e da cultura galegas.

3.2 Obxectivos a longo prazo

- Implicar o maior número posible de profesorado en proxectos de dinamización.
- Dinamizar o uso do galego nos dous centros e favorecer a interacción en galego de toda a comunidade escolar e a realización de actividades interdisciplinarias relacionadas coa cultura e a lingua galega.
- Manter a lingua propia no alumnado que ten o galego como lingua habitual e consolidar a competencia plena nela.
- Utilizar os recursos tecnolóxicos para que o alumnado empregue a lingua como ferramenta comunicativa.
- Colaborar, ao debater e compartir coñecemento, na creación dun clima positivo que conduza o alumnado a identificarse coa súa cultura e favorecer a implicación afectiva entre os centros coa nosa lingua.
- Estender ás comunidades escolares a consideración do propio, en particular a lingua e o patrimonio, como un ben identitario e de prestixio.

4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos

4.1 Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo

- Proposta de investigación interdisciplinaria acerca do volframio, Tras as pegadas do volframio, utilizando o galego como lingua de recollida de información. Elaboración das enquisas na aula e posterior aplicación.
- Elaboración de material divulgativo, a partir da información recollida, en formatos

dixitais: páxinas webs, *podcasts*, vídeos..., utilizando o galego como idioma vehicular. Gravacións entre o alumnado en galego para incorporar aos vídeos. Incorporación do alumnado estranxeiro para que participe na súa lingua de orixe.

- Incorporación de músicas actuais en galego nos recursos comunicativos.
- Creación e divulgación do proxecto na canle propia de Youtube.
- Proxección do material creado no centro receptor.
- Creación de *podcasts* e elaboración de webinaros en liña entre os dous centros para que o alumnado teña un espazo para falar e debater.

4.2 Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo

- Continuación da estratexia de colaboración dos dous centros. Cada ano un leva a iniciativa e propón a actividade.
- Uso das novas tecnoloxías para a mellora da competencia lingüística do alumnado. Elaboración de *podcasts* en ambos os centros e Twitch interactivos.
- Mantemento e actualización da canle de Youtube con recursos propios de dinamización.

5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

1 Proxecto de investigación sobre o volframio

Enfoque	Materia	Curso	Idioma	Metodoloxía
A importancia do volframio no contexto da Segunda Guerra Mundial	Xeografía e Historia	4º ESO	Galego	Traballo investigación
As minas de volframio, situación e impacto ambiental	Bioloxía / Xeoloxía	1º bach.	Galego	Traballo investigación
Literatura popular	Lingua	4º ESO	Galego	Recollida testemuños
Recollida de testemuños	Lingua	1º e 2º ESO	Galego	Gravacións
Análise dos impactos na paisaxe, en particular o da minaría	Xeografía e Historia	1º ESO	Galego	Proxecto Terra

O volframio na literatura	Lingua	1º bach.	Galego	<i>Podcasts</i>
Estudo de mercado do mineral	Economía	4º ESO	Galego	Traballo de investigación
Aplicacións actuais do volframio	Tecnoloxía	4º ESO	Galego	Traballo de investigación
Achegamento aos centros de minaría do volframio como campos de concentración na ditadura de Franco	Historia de España	2º bach.	Galego	Proxección e análise de documentación Encontro con vídeo creadoras do documental <i>Os campos de concentración en Galicia</i>
Elaboración de material divulgativo e de aplicacións informáticas Canle de Youtube	TIC	4º ESO	Galego	Uso de aplicacións informáticas (Genially, Editor vídeos, Jimdofree.com)

A metodoloxía proposta é traballar en equipos cooperativos. Durante este curso, e por mor das restricións derivadas do protocolo COVID, organizáronos de xeito que nos permita recuperar aos poucos a dinámica do traballo cooperativo e a hiper-aula, realizada con éxito en cursos pasados. Na bibliografía pódese ver a web que explica o funcionamento da hiper-aula no proxecto Patrimoni... ando.

2 Achega deste material ao alumnado do IES de Soutomaior

- Proxección para o alumnado de 4º da ESO
- Elaboración dun webinar entre os dous centros educativos. Preparación previa con cuestionarios.
- Elaboración de *podcasts*.

3 Actividade final de proxecto

Visita ás minas de volframio de Beariz.

6 Xestión e temporización

A xestión en cada centro será responsabilidade de cadansúa coordinadora, que terá que coordinar os membros do equipo.

(En *cursiva*, participación do IES de Soutomaior. En redonda, do IES de Ponte Caldelas.)

Tempo	Actividade	Responsable	Departamentos que participan
Xaneiro	Constitución dos grupos de traballo	Coordinadora	Xeografía e Historia, Tecnoloxía, TIC, Lingua, Economía
1-15 de febreiro	Recompilación de material interesante. Incorporación á web	Coordinadora	Xeografía e Historia, Tecnoloxía, TIC, Lingua, Economía
1-28 de febreiro	Investigacións, recollida, gravacións <i>in situ</i>	Coordinadora	Xeografía e Historia, Tecnoloxía, TIC, Lingua, Economía
Marzo	Elaboración material divulgativo, incorporación de música actual. <i>Podcasts</i> . Canle Youtube.	Profesora TIC	TIC, Tecnoloxía, Lingua e Biblioteca
Abril	Proxección de vídeos e web nos dous centros.	Coordinadoras de ambos os centros Membros de persoal non docente	Equipo EDLG e Bioloxía
1-15 de maio	Organización dun webinar entre os dous centros	Coordinadoras de ambos os centros Membros de persoal non docente	Equipo EDLG, Bioloxía e Tecnoloxía e TIC
15-30 de maio	Excursión de	Coordinadoras de	Todo o alumnado e

	convivencia. Senda do volframio en Beariz	ambos os centros Membros de persoal non docente	profesorado participante
Xuño	Avaliación e autoavaliación Redacción da memoria	Coordinadoras de ambos os centros	

7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

7.1 Profesorado participante

Profesorado	Función	Departamento	Centro
Isabel Torres Jack	Coordinadora do centro IES de Ponte Caldelas	Tecnoloxía, TIC e EDLG	IES Ponte Caldelas
Montse Escudero Fernández	Coordinadora do centro IES de Soutomaior	Bioloxía	IES Soutomaior
María Eslava Arrizaga	Responsable ámbito Xeografía e Historia 4º ESO	Xeografía e Historia	IES Ponte Caldelas
Cristina Regueira Piñón	Responsable ámbito Economía. 4º ESO	Economía, EDLG	IES Ponte Caldelas
Olalla Liñares García	Responsable ámbito Lingua, recollida testemuñas. 4º ESO	Lingua Galega e EDLG	IES Ponte Caldelas
Sabela Otero Gago	Xefa Departamento EDLG	Lingua Galega	IES Ponte Caldelas
Saleta de los Arcos Fernández	Responsable Bioloxía / Xeoloxía. 1º ESO	Bioloxía / Xeoloxía	IES Ponte Caldelas
Susana Trigo Arcos	Proxecto Terra en 1º ESO	Xeografía e Historia. EDLG	IES Ponte Caldelas

	Proxección en 2º bach. Encontro con vídeocreadoras		
Mª Xesús Diéguez Rojo	<i>Podcasts</i> en 1º bach	Lingua Galega. EDLG Equipo Biblioteca	IES Ponte Caldelas
Raquel Seoane Cuquejo	Proxección en 1º ESO	Bioloxía e Xeoloxía, EDLG	IES Ponte Caldelas
Susana Blanco Diéguez	Recollida en 2º ESO	Lingua Galega. EDLG	IES Ponte Caldelas
Gabriel Muñiz Alonso	Colaborador no webinario	Tecnoloxía	IES Soutomaior
María Carmen Bussieres Valcarce	Participante na proxección	Economía	IES Soutomaior
Antonio Ricón Rodríguez	Xefe Departamento EDLG	Inglés. EDLG	IES Soutomaior

7.2 Alumnado participante

Curso	Número	Grupos	Centro
4º ESO	54	3	IES de Ponte Caldelas
4º ESO	66	3	IES de Soutomaior
3º ESO	64	3	IES de Ponte Caldelas
2º ESO	62	3	IES de Ponte Caldelas

1º ESO	77	3	IES de Ponte Caldelas
1º bach.	35	2	IES de Ponte Caldelas
2º bach.	29	2	IES de Ponte Caldelas
TOTAL	387	19	

7.3 Outros membros da comunidade educativa

- Persoal non docente do IES de Ponte Caldelas, Sebastián Casal Nantes e Verónica Novegil Baltasar. Responsable de colocar o material divulgativo no recreo con música actual no recibidor do instituto.
- Biblioteca do IES de Ponte Caldelas.
- Dirección de ambos os centros, que facilitará o desenvolvemento do proxecto.
- Familias e veciñanza do alumnado que participa na recollida de información.
- Colaboración da ANPA.
- Alumnado procedente do estranxeiro de ambos os centros

8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

- Aplicacións informáticas que faciliten a edición de vídeos e *podcasts*.
- Aplicación informática para elaborar unha páxina web. Jimdofree.com.
- Canle propia do EDLG en Youtube.
- Un ordenador portátil por centro que facilite a reunión de todo o material achegado, descarga de vídeos, edición de vídeos, edición de páxina web, organización dun webinar, gravación de *podcasts* e a edición de música actual galega.
- Edición e impresión de material divulgativo.

9 Orzamento. Xustificación e desagregación

- 2 Portátiles ASUS VivoBook S14, i7, 16GB, 1TB SSD (1.200 € cada unidade). 2.400 €
- Impresión de pósters para exposición nos Concellos. 500 € (doados polos concellos)

10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

- Colaboración cos Concellos de Ponte Caldelas e de Soutomaior. Solicitamos que expoñan as investigacións en formato físico nun lugar onde as familias e veciñanza dos concellos poidan visitalo.
- Colaboración con asociacións ecoloxistas da comarca: "A Rente do Chan". Organización da ruta polas minas de volframio de Beariz.
- Colaboración coa ANPA do instituto que participa na ruta por Beariz. Solicitud de subvención dos autobuses.
- A empresa Ernie Records, de Ponte Caldelas, produtora de grupos como "Ortiga" e "Grande Amore" apoia o proxecto e facilita o contacto coa música actual, máis achegada aos intereses do alumnado.

11 Medidas de difusión do proxecto

11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

Difusión

- O proxecto primeiramente difundirase no IES de Ponte Caldelas. Os resultados de Tras as pegadas do Volframio serán visualizados en todos os cursos que participan do centro. Ademais, publicarase na páxina web do IES para facilitar o acceso das familias a este.
- Despois dirixirase ao IES de Soutomaior onde será proxectado en 4º da ESO.
- Publicarase na Canle en Youtube.
- O material divulgativo imprimirase e solicitarase a súa exposición nos dous concellos.

Formato

- Páxina web, (en Jimdofree.com) en construción: [web de Tras as pegadas do Volframio](#),
- Vídeos (en formato Renderforest.com), con animación de encerado: [vídeo de mostra](#).
- *Podcasts*.

Medios de difusión

- Nota de prensa aos medios: *Diario de Pontevedra*, *La Voz de Galicia*, *Diario Nós* etc.
- Difusión do traballo realizado por Facebook.
- Emisión de contidos, presentación do proxecto, entrevistas, *podcasts* etc. en *Radio Nova*, a radio da Lama que se escoita pola comarca do Verdugo.
- Espallamento na nova canle de Youtube.

11.2 Alcance

Alumnado:

- No centro de Ponte Caldelas chegarase a todos os cursos da ESO e bacharelato.
- No IES de Soutomaior, o proxecto céntrase en 4º da ESO.

Familias:

- Parte das familias do alumnado participa como informante no proxecto.
- O persoal de administración e servizos participa difundindo o traballo no recibidor, nos recreos.
- Ás familias envíanse os resultados a través da plataforma Abalar para que estean informadas.
- A web estará activa para quen queira achegarse e ligada coa web do instituto.

Prensa:

- A radio da zona, *Radio Nova*, a radio do Verdugo-Oitavén.
- Enviaranse artigos de prensa aos xornais *Pontevedra Viva* e ao *Diario de Pontevedra*.

Concellos:

- Expoñeranse os resultados impresos nos dous concellos.

Outros:

- Colaboración cun instituto de Alemaña, onde temos unha alumna en intercambio ([Instituto de Potsdam](#))

12 Plan de avaliación

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Criterio: Aumento do uso da lingua galega na interacción coas familias.

Indicador: Enquisas realizadas ás familias para que expresen a súa satisfacción co desenvolvemento das actividades.

Criterio: Comodidade que sente o alumnado na comunicación oral en galego.

Indicador: Valoraremos a expresión oral nos vídeos, *podcasts* e webinarios nos que o alumnado se grave e se exprese en galego.

Criterio: Aumento do uso do galego.

Indicador: Valoraremos a posible mellora entre o alumnado despois do proxecto e nas continuas colaboracións entre os dous centros. Enquisa de satisfacción e de mellora do uso do galego nas aulas.

Criterio: Uso dos materiais producidos.

Indicador: Contar o número de visitas na canle de Youtube.

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Valoraremos o proxecto cuantificando a promoción do uso da lingua galega desde os centros en relación coas familias e coa contorna social do centro no que ten que ver co material de Tras as pegadas do volframio que nos propoñemos espallar.

Avaliaremos o aumento do número de profesorado que se involucra neste proxecto de dinamización ano a ano.

Por último, faremos unha autoavaliación con puntos fortes e febles do proxecto de dinamización para corrixir de cara ao deseño do próximo curso.

Bibliografía/Webgrafía

Web de Patrimoni...ando

Web do Monte Vivo, proxecto Volframio

[Radio nova](#)

Produtora Ernie Records: [Nosotros – Ernie Records](#)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Xacobeo 21-22